ABAU

CONVOCATORIA ORDINARIA 2026

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Segunda Lingua Estranxeira: Alemán (Cód. 61)

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN LECTORA

Pregunta 1: 2,5 puntos

Con esta pregunta e os seus apartados 1.1 (**1,5 puntos**). e 1.2. (**1 punto**) preténdese avaliar a comprensión lectora do alumnado, así como a súa capacidade para adquirir e asimilar a información máis relevante nese contexto que posibiliten o debate ou comunicación posterior sobre o tema. Avalíase pois a capacidade para comprender textos, expresarse e responder a situacións comunicativas determinadas.

RESPOSTAS
1.1.
1.1.1. Richtig
1.1.2. 1.1.2. Falsch
1.1.3. 1.1.3. Nicht enthalten
1.1.4. 1.1.4. Falsch
1.1.5. 1.1.5. Richtig
1.1.6. 1.1.6. Falsch

1.2.
1.2.1. B
1.2.2. B
1.2.3. B
1.2.4. B

BLOQUE 2: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. LÉXICO

Pregunta 2.1.: 1,25 puntos

Esta pregunta ten por obxectivo avaliar a capacidade do alumnado para entender e saber empregar o léxico dunha lingua nun determinado contexto, non só recoñecendo palabras individuais, senón tamén interpretando correctamente o seu uso dentro do texto.

RESPOSTAS
Umzug: C.
Wohnungswechsel
gemütlich: B. angenehm
organisieren: A. planen
gewöhnt: C. angepasst
wichtigste: B. bedeutendste

Pregunta 2.2.: 1,25 puntos

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña a capacidade para explicar este significado.
O/A alumno/a poderá empregar sinónimos ou incluír exemplos que amosen de maneira clara que comprende o significado da palabra.
Se se indican varios sinónimos para a mesma palabra e algún deles é claramente incorrecto, non se concederá ningunha puntuación á resposta.
Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa.

Advertencia: Non se terá en conta a tradución a outra lingua.

BLOQUE 3: REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. MORFOSINTAXE

Pregunta 3: 2,5 puntos (0,25 cada resposta acertada)

Esta pregunta ten por obxectivo verificar a comprensión do texto e o coñecemento práctico dos aspectos morfosintácticos da lingua así como verificar que o alumnado ten capacidade para empregalos nun texto determinado.

Letztes Wochenende **ist** (1) Sarah mit dem Zug nach Berlin gefahren. Sie hat **ihre** (2) Freundin besucht, **die** (3) dort seit zwei Jahren Medizin studiert. Am Samstag **haben/hat** (4) sie ein modernes (5) Museum besucht und am Abend sind sie **ins** (6) Kino gegangen. Berlin ist eine sehr **große** (7) Stadt mit **vielen**/**sehr** (8) interessanten Sehenswürdigkeiten für junge Leute. Sarah **fand** (9) die Reise toll und **will/möchte** (10) im Sommer unbedingt wieder dorthin fahren.

BLOQUE 4: COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

Pregunta 4: 2,5 puntos

Con esta pregunta quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o tema sinalado na pregunta. Avaliarase igualmente que a expresión lingüística sexa correcta e fluída. Terase en conta a riqueza e emprego axeitado do léxico. O alumnado poderá e deberá escoller só unha das dúas opcións (4.1 ou 4.2).

A. Concederanse 2,5 puntos cando a redacción exprese con claridade e de xeito ordenado as opinións, teses e argumentos. O texto deberá estar pois ben organizado, posuír unha secuenciación lóxica e a expresión deberá ser fluída. A expresión gramatical deberá ser correcta.

B. Concederanse 2 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade e/ou repetición de ideas. Deberá haber fluidez na expresión e unha boa utilización das estruturas sintácticas e morfolóxicas.

C. Concederase 1 punto cando a redacción presente algunha confusión, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída ou presente erros gramaticais. Faranse as deducións oportunas que dependerán da gravidade da incorrección ou do erro. Véxase máis abaixo o epígrafe “corrección lingüística”.

D. Concederase 0,5 punto cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, o texto presente erros básicos na expresión lingüística e resulte deste modo difícil a comprensión da intención comunicativa.

Corrección lingüística:
Os erros ortográficos puntuaranse negativamente de acordo co seu número e importancia (serán máis graves en palabras básicas da lingua alemá ou cando se dean solucións contrarias ás normas lingüísticas do alemán: erros de concordancia e colocación, orde indebida ou inexacta das palabras, uso incorrecto das preposicións, dos casos ou do xénero, erros na formación de interrogativas ou negativas etc.).
A penalización de erros moi graves será de 0,1 puntos, graves 0,05 e leves 0,02.
Un erro repetido na mesma palabra só penalizará unha vez.

Valorarase negativamente:
Non responder de forma axeitada ao tema presentado na pregunta.
Non axustarse á extensión establecida.
Repetir literalmente frases que aparecen nos textos do exame.

COMUNICACIÓN E INTERACCIÓN
Todas as preguntas están deseñadas para avaliar as habilidades lingüísticas do alumnado en alemán, así como a súa capacidade para usar o idioma en situacións comunicativas reais.